

RESOLUCIÓN REITORAL, DO 21 DE ABRIL DE 2022, SOBRE OS ACORDOS ADOPTADOS NO COMITÉ COVID-19 DA UNIVERSIDADE DE VIGO

En base aos acordos adoptados na reunión do Comité COVID-19 da Universidade de Vigo, reunido o vinte de abril de dous mil vintedous,

ESTA REITORÍA RESOLVE

Acordar as seguintes medidas por parte da Universidade de Vigo, para o uso compartido de espazos interiores, e que estarán vixentes ata o final do presente curso académico 2021-22, de non modificarse antes a normativa anterior de aplicación:

- A. Seguirá sendo obrigatorio o uso de máscara buconasal en espazos interiores da Universidade de Vigo, nos seguintes casos:
 - A.1. Medios de transporte compartidos (autobuses, furgonetas, ascensores, espazos pechados de embarcacións, etc.).
 - A.2. Dependencias de uso sanitario como as do Servizo de Vixilancia da Saúde (enfermaría).
 - A.3. Nos casos de persoas con resultado positivo confirmado ou con síntomas compatibles con COVID-19 que acudan a dependencias da universidade, neste caso usarase a FFP2.
 - A.4. No caso de traballadoras ou traballadores da universidade en postos con atención ó público, no momento da atención (rexistros, conserxerías, etc.).

- B. Está especialmente recomendado o uso de máscara buconasal, nos seguintes casos:
 - B.1. Laboratorios e talleres.
 - B.2. Bibliotecas e salas de lectura.
 - B.3. Auditorios con ocupación elevada no momento do seu uso, cando polo seu aforo sexa difícil gardar a distancia interpersoal de seguridade de 1'5 m.

- C. Recoméndase o uso de máscara buconasal durante a permanencia no resto de espazos interiores compartidos da Universidade de Vigo, así como no caso de persoas vulnerables.

Mantéñense en vigor as medidas de ventilación (criterio xeral de alomenos 10 minutos cada hora), así como as medidas hixiénicas de lavado de mans e de protección ao tusir ou esberrar.

Seguiranse a repartir máscaras buconasais para o persoal que o solicite a través das conserxerías dos centros.

Vigo, 21 de abril de 2022

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo